

PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN CATOLICA

CURSO 2021-22

CEIP DE CEDEIRA

EDUCACIÓN INFANTIL

PROFESORA: ANA MARIA RODRIGUEZ SOTELINO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Neste curso 2021-2022, a programación didáctica debe atender ás especificacións ditadas na *Instrución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021*. Así, reflectirase na presente programación a adecuación da acción docente á situación provocada pola COVID-19, incidindo na atención ao posible retraso académico producido durante o curso 2019-2020 e na forma de adaptar a metodoloxía e o currículo para acadar as aprendizaxes imprescindibles do pasado e presente curso académico, na modalidade presencial, semipresencial e/ou non presencial

1. ACTUACIÓNS PARA GARANTIR A EDUCACIÓN NOS ESCENARIOS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE:

A situación provocada pola COVID-19 obríganos a **planificar unha atención educativa que contemple posibles escenarios de semipresencialidade e/ou non presencialidade**. Debido ás medidas que as autoridades sanitarias consideren oportuno levar a cabo dependendo da evolución da pandemia, pódese producir que un ou varios alumnos estén en illamento ou corentena mentres o resto do grupo continúa de forma presencial, ou que a totalidade do alumnado teña que continuar a súa formación de forma non presencial.

Para iso, e en consoancia co **Plan de Continxencia** elaborado polo centro conforme ás directrices do Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19, acórdanse as seguintes actuacións:

- Durante o proceso educativo presencial no centro, o alumnado será instruído no manexo da aula virtual do centro, e o **equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

- **A atención ao alumnado** que deba continuar o proceso formativo de forma non presencial será levado a cabo baixo as seguintes directrices:

a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, a través das canles de comunicación sinaladas no “Plan de Adaptación á situación Covid no curso 2020-2021” (páxina web do centro, aplicación “AbalarMobil”, teléfono do centro, servizo de videoconferencias “Webex Cisco” e contas de correo das familias e as corporativas do profesorado) tanto para coñecer a evolución do seu estado de saúde como para atender as demandas educativas do alumnado.

b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

c) Realizar as tarefas e actividades propostas a través do libro dixital.

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida — capacidade básica do individuo— está enraizado no máis profundo do ser, e o neno pode recoñecelo, segundo os niveis de aprendizaxe propios de cada idade, nos símbolos e signos do seu medio, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. A ensinanza relixiosa pretende contribuír así á calidade da educación que preconiza a lei vixente, coa proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo da ensinanza relixiosa católica.

Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensinanza e Asuntos Culturais no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

A ensinanza relixiosa católica na **Educación Infantil**, parte da experiencia do neno nesta idade de 3 a 6 anos en referencia a tres grandes ámbitos: a identidade e autonomía persoal, o descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade. Estes tres ámbitos de experiencia non son tratados de forma fragmentada ou independente uns doutros, senón en mutua relación e interdependencia. A experiencia relixiosa do neno medra á vez que se desenvolve a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio.

A ensinanza relixiosa católica pretende achegar o neno ás claves principais da fe cristiá, axudalo a descubrir esta experiencia no seu medio, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e a que se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ao

desenvolvemento de destrezas e habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciados. Para iso, este currículo vóllese dos elementos cristiáns presentes no medio do alumno, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa axeitada a esta idade.

2. CONTRIBUCIÓN DA RELIXIÓN CATÓLICA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística:

- escoitar, comprender, expoñer e dialogar.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Expresar emocións, vivencias e opinións.
- Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

- Coidar o medio
- Consumir de xeito racional e responsable.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

Competencia matemática:

- Interpretar e expresar informacións.
- Descifrar códigos numéricos elementais.
- Tratamento da información e competencia dixital
- Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.

Competencia social e cidadá:

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunicarse en distintos contextos.

- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.

- Comprender a realidade relixiosa y social a partir da súa análise.

Competencia cultural e artística

- Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.

- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.

Competencia para aprender a aprender

- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuo.

- Perseverar e esforzarse, aceptando os erros e aprendendo deles.

- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.

- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.

- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.

- Afrontar os problemas e encontrar solucións para eles.

- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal

- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, o diálogo, o agradecemento, a cooperación e o traballo en equipo.

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA A EDUCACIÓN INFANTIL.

Ao finalizar a Educación Infantil preténdese que o alumno sexa capaz de:

1. Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
2. Observar as manifestacións do medio familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.
3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.
4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de gabanza e o sentido das festas relixiosas.
5. Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.
6. Descubrir que os cristiáns lle chaman Pai a Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, que nos quere e perdoa sempre.
7. Saber que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere, morreu por nós e resucitou para estar con nós.
8. Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.
9. Respectar as persoas e cousas do seu medio, coidalas e preocuparse delas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.

4. CONTIDOS. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

1. O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual (neno-nena) como don recibido de Deus.
2. Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.
3. A creación, obra de Deus e regalo para os seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da Natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.
4. Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.
5. Deus é o noso Pai, cóidanos e invítanos a servir os demais.
6. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.

7. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (O Noso Pai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).
8. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e o noso amigo, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
9. amor de Xesús Cristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
10. Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do evanxeo: “A ovella perdida”, “As vodas de Caná”, “Xesús e os nenos”.
11. O diálogo con Deus: a oración do cristián. O home con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.
12. Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
13. A manifestación do amor cristián en acenos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudarlles aos compañeiros.
14. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
15. O comportamento cos amigos, cos compañeiros da escola e coas persoas do medio.
16. Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de gabanza, alegría e gratitude.
17. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.

5. ACTIVIDADES:

As actividades son programadas tendo en conta o calendario litúrxico: Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua. Empréganse diversos materiais tales como: fichas de pintar, debuxos para picar ou recortar, plastilina, contos e vídeos.

Os temas principais traballados na clase xiran en torno aos seguintes puntos:

- Deus Pai como creador do mundo: insistindo no respecto e o coidado da natureza, valorando esta como un agasallo de Deus.
- A figura de Xesús : o seu nacemento, a súa familia, a súa morte e a súa resurrección.

Valórase que os nenos recoñezan os nomes da familia de Xesús, dos seus amigos, e que valoren, respecten e identifiquen a súa familia.

No mes de maio traballamos fichas sobre María, inculcándolles a importancia que tivo na vida de Xesús.

Desenvolvemento de valores humanos a través da igrexa e da persoa de Xesús: amizade, respecto aos demais, compartir, perdoar...

6. TEMPORALIZACIÓN:

UNIDADES DIDÁCTICAS TRES ANOS

1º trimestre

UNIDADE 1. GRAZAS POLA NATUREZA

Obxectivos:

1. Coñecer que os animais e as plantas son un regalo de Deus.
2. escoitar narracións e audicións curtas.
3. Integrarse no grupo
4. Participar e gozar coas actividades propostas.

Contidos:

1. A natureza
2. Os animais nosos amigos.
3. Respecto á natureza.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía persoal

Criterios de avaliación:

1. Respetar os animais e as plantas do seu medio
2. Adquirir o gusto polo bo obrar
3. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia

UNIDADE 2. O AGASALLO DO MEU CORPO

Obxectivos:

1. Coñecer o noso corpo como regalo de Deus.

2. Aprender a respectar o noso corpo.
3. Practicar normas sociais de relación cos demais, como saudar.
4. Iniciarse no diálogo coa súa familia sobre o escoitado e vivido na clase de Relixión.

Contidos:

1. O noso corpo.
2. Escoita atenta dun relato bíblico adaptado.
3. Normas sociais de relación cos demais.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal

Criterios de avaliación:

1. Saúda os seus compañeiros.
2. Identifica as partes do corpo.
3. Escoita e comenta as adaptacións bíblicas.

UNIDADE 3. A LEDICIA DO TEU NACEMENTO

Obxectivos:

1. Descubrir que no Nadal se celebra o nacemento de Xesús.
2. Compartir a ledicia do Nadal cantando xuntos.
3. Escoitar e comprender a adaptación do relato bíblico do nacemento de Xesús.
4. Aprender panxoliñas como cancións propias do Nadal.

Contidos:

1. Nadal, festa cristiá.
2. Escoita atenta e comprensión dunha adaptación bíblica.
3. Memorización de panxoliñas.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística

- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Identifica e reconece os personaxes do belén.
2. escoita e comprende a adaptación bíblica do nacemento de Xesús.
3. Reconece as panxoliñas como cancións propias do Nadal.

2º Trimestre

UNIDADE 4. TEÑO UNHA FAMILIA

Obxectivos:

1. Coñecer os feitos que rodearon a visita dos Reis Magos ao Neno e a fuxida a Exipto.
2. Descubrir nos agasallos mostrar de cariño e aprender a valoralos.
3. Comprender que a familia é moi importante.

Contidos:

1. A visita dos Reis Magos ao Neno. A fuxida a Exipto
2. As manifestacións de cariño. Os agasallos
3. A familia.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. A moso interese por coñecer a vida de Xesús.
2. Participa nas actividades propostas.
3. Comprender que a familia nos quere.

UNIDADE 5. GÚSTAME QUE ME QUEIRAS

Obxectivos:

1. Descubrir diferentes momentos da vida nos que comparten cos demais.
2. escoitar e comentar a narración bíblica: Xesús cura a un enfermo.
3. Mostrar leducia e gratitude por ter amigos.

Contidos:

1. Compartir
2. Relato: Xesús cura a un enfermo.
3. Valores cristiáns e humanos: perdoar, compartir, dialogar ...

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Identifica a infancia na vida das persoas
2. escoita textos bíblicos adaptados.
3. expresa sentimentos e participa con leducia nas actividades.

UNIDADE 6. CELEBRO A TÚA FESTA

Obxectivos:

1. Descubrir o Domingo de Ramos como un feito moi importante da vida de Xesús.
2. Coñecer o relato bíblico de Xesús entra en Xerusalén.

Contidos:

1. O Domingo de Ramos
2. Interese por seguir coñecendo feitos da vida de Xesús.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística

- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Recoñece a palma como símbolo do Domingo de Ramos.
2. Distingue etapas da vida de Xesús e recoñece o Domingo de Ramos como un momento moi importante.

3º Trimestre

UNIDADE 7. QUERO FALAR CONTIGO

Obxectivos:

1. Descubrir que rezar é falar con Deus.
2. Coñecer que o relato de Samuel fala con Deus.
3. Valorar a importancia de escoitar con atención os demais.
4. Utilizar distintos medios de expresión para transmitir sentimentos e ideas fomentando a relación con Xesús.

Contidos:

1. O rezo
2. A escoita atenta.
3. Admiración e respecto pola actitude de falar con Deus.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Identifica que rezar é falar con Deus.
2. Recoñece o cariño de falar con Deus.
3. Escoita con atención individual e colectivamente.

UNIDADE 8. UN OBXECTO MOI ESPECIAL

Obxectivos:

1. Descubrir que a igrexa é a casa de Deus.
2. Recoñecer obxectos relixiosos como unha cruz, unha igrexa.

Contidos:

1. A Igrexa é a casa de Deus.
2. Obxectos relixiosos. A cruz, as imaxes.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Recoñece a igrexa como a casa de Deus.
2. Lembra os obxectos relixiosos traballados.

UNIDADE 9. CÁNTOTE CON AMOR

Obxectivos.-

1. Descubrir que Xesús é o noso mellor amigo.
2. Recoñecer que os nosos bos comportamentos achegan .

Contidos.-

1. Xesús o noso mellor amigo.
2. Os bos comportamentos.

Competencias.-

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística.
- Competencia social e cívica.
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de Avaliación.-

1. Recoñece a Xesús como o seu mellor amigo.
2. Expressa sentimentos positivos ante os bos comportamentos.

UNIDADES DIDÁCTICAS CATRO ANOS

1ºTrimestre

UNIDADE 1. AXÚDOCHE A COIDAR A NATUREZA

Obxectivos:

1. Coñecer o feito de que a natureza é un regalo de Deus.
2. Descubrir o valor de coidar os animais e as plantas.
3. Ilusionarse polo coidado das mascotas.
4. Valorar o respecto a natureza como algo que nos dá alegría e tranquilidade.

Contidos:

1. A natureza un regalo de Deus.
2. O valor de coidar a natureza.
3. Gratitude polos animais de compañía que nos queren.
4. Interese por coñecer a alegría que da coidar a natureza.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Identifica animais da natureza.
2. Describe o coidado das plantas.
3. Tirar sempre os papeis á papeleira.

UNIDADE 2.COÍDASME CO TEU AMOR

Obxectivos:

1. Coñecer que Deus nos quere e nos cuida.
2. Descubrir a importancia de saber regalar alegría a los demás.
3. Coñecer o relato bíblico do Bo Pastor.

Contidos:

1. O Bo Pastor, relato bíblico.
2. Curiosidade por coñecer que Deus nos quere e nos cuida.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. escoita con atención e comprende narracións bíblicas.
2. Respecta á familia e valora a súa opinión.

UNIDADE 3.CELEBRO A FESTA DO NADAL

Obxectivos:

1. Lembrar o motivo da celebración do Nadal é o nacemento do Neno Xesús.
2. Identificar os principais personaxes do belén e achegarse afectivamente a eles.

Contidos:

1. Celebración do nacemento de Xesús
2. Identificación dos personaxes principais do belén.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Coñece o motivo da celebración do Nadal.
2. Identifica e nome os principais personaxes do belén.

2º Trimestre/ 3º Trimestre

UNIDADE 4. UNHA FAMILIA DE VERDADE

Obxectivos:

1. Descubrir que a Igrexa é a gran familia de Xesús.
2. Sentirse preto de Xesús que medraba e gozaba cos xogos igual ca eles.
3. Identificar e expresar sentimentos e emocións propios e alleos.
4. Valorar as atencións e coidados das persoas que lles queren amosándolles cariño e respecto.

Contidos:

1. Infancia de Xesús cos seus pais.
 2. Diferentes sentimentos e emocións..
-

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Coñece a relación que unía a Xesús cos seus pais.
2. Sente proximidade e cariño cara a Xesús.

UNIDADE 5. ENSÍNAME A AMAR

Obxectivos:

1. Coñecer o relato de Golondrín axuda aos seus amigos.
2. Descubrir a actitude de escoita atenta dos apóstolos cara a Xesús.
3. Espertar unha proximidade afectiva cara aos demais.
4. Iniciarse na tranquilidade e no silencio para fomentar a escoita e a comunicación cos demais e con Xesús.

Contidos:

1. Golondrín axuda aos seus amigos.
2. Sentimentos de axuda aos demais.
3. Comprensión de textos bíblicos Xesús cura á filla de Xairo.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Identifica a todos como un amigos de Xesús.
2. Coñece o relato da curación da filla de Xairo.

UNIDADE 6. ÁMASME E SÁLVASME

Obxectivos:

1. Coñecer a Semana Santa.
2. Descubrir os feitos que rodearon a entrada de Xesús en Xerusalén e a Última Cea.
3. Coñecer tradicións populares cristiás propias da Semana Santa e o domingo como o día da festa de Xesús.

Contidos:

1. Actitude de interese e gozo na narración de relatos bíblicos.
2. A entrada de Xesús en Xerusalén e a última Cea.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Narra feitos da Semana Santa.
2. Identifica o Domingo como día de festa de Xesús.

UNIDADE 7. QUERO REZAR

Obxectivos:

1. Descubrir as diferentes emocións que sentimos ó rezar.
2. Coñecer o relato de Rocío pide axuda e da gracias a Deus.

Conceptos:

1. Rezar é pedir axuda a Deus.
2. Damos grazas a Deus rezando.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Identifica as diferentes maneiras de rezar.
2. Verbaliza unha pequena oración.

UNIDADE 8. GÚSTAME CANTARTE.

Obxectivos:

1. Lembrar unha canción á Virxe.
2. Descubrir o relato bíblico da presentación de Xesús no templo.
3. Despedirse cantando: "Eu teño unha nai que me ama".

Contidos:

1. Canción: "Eu teño unha nai que me ama."
2. Relato bíblico: Presentación de Xesús no templo.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Cantar unha canción a María.
2. Verbaliza: "Eu teño unha nai que me ama."

UNIDADES DIDÁCTICAS CINCO ANOS

1º Trimestre

UNIDADE 1. QUERO ESTAR SANO

Obxectivos:

1. Descubrir e familiarizarse co seu corpo.
2. Comprender que a saúde é un regalo de Deus.
3. Descubrir a Biblia como o gran libro dos amigos de Xesús.

Contidos:

1. A saúde, un regalo de Deus.
2. A Biblia, o libro mais importante para os amigos de Xesús.
3. Xesús cura a Bartimeo.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. escoita con atención a narración
2. Amosa interese por coñecer a Biblia e as súas historias.

UNIDADE 2. ALÉGRAME QUE ME QUEIRAS.

Obxectivos:

1. Descubrir a maneira de dar grazas a Deus por querernos.
2. Identificar os personaxes principais da narración “O bo Samaritano.

Contidos:

1. Narración “O bo samaritano”.
2. Deus quere que nos amemos como el nos ama.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Participa e colabora na resolución de conflitos.
2. Recoñece os personaxes principais do relato.

UNIDADE 3. VIVO O NADAL

Obxectivos:

1. Descubrir O Nadal como tempo do nacemento de Xesús.
2. Recordar o relato dos Reis Magos.

Contidos:

1. Os símbolos relixiosos: A luz.
2. Gusto por coñecer e participar en tradicións do Nadal, desenvolvendo actitudes de cariño e tenrura cara aos personaxes do belén.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Coñece o nacemento de Xesús relacionado coa celebración do Nadal.
2. Nomea os personaxes do belén.

2º Trimestre

UNIDADE 4. GRACIAS POR ESTA GRAN FAMILIA

Obxectivos:

1. Descubrir a auga como elemento importante nas narracións bíblicas.
2. Coñecer a presenza da auga na celebración do Bautismo.

Contidos:

1. A auga na Biblia.
2. Narración “o bautismo de Xesús”
3. O sacramento do Bautismo.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Lembra e verbaliza a narración bíblica.
2. Amona interese por observar e identificar os elementos principais do Bautismo.

UNIDADE 5. FÁLASME CON AMOR

Obxectivos:

1. Descubrir o amor como elemento de identificación entre os amigos de Xesús.
2. Coñecer a historia Do fillo pródigo.

Contidos:

1. O amor, sinal de identidade dos primeiros cristiáns.
2. A amizade e o comportamento cos amigos.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Identifica o amor como símbolo dos amigos de Xesús.
2. Secuencia momentos da historia do fillo pródigo.
3. Valora a amizade e descobre que axuda a ser feliz.

UNIDADE 6. SEMPRE ESTAS AO MEU CARÓN

Obxectivos:

1. Descubrir o domingo como día de Xesús resucitado.
2. Recordar e afianzar as aprendizaxes sobre os acontecementos que rodearon á resurrección de Xesús.

Contidos:

1. O domingo, día de Xesús resucitado.
2. Actitude de escoita cara a narración.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Coñece a festa do Domingo.
2. Escoita con interese a narración.

3º Trimestre

UNIDADE 7. ALÉGRAME REZAR.

Obxectivos:

1. Coñecer a importancia de saber rezar o Nosopai e o Avemaría.
2. Identificar e expresar sentimentos sobre a mensaxe de Xesús.

Contidos:

1. As ensinanzas de Xesús sobre Deus pai e a relación entre as persoas.
2. O Nosopai e o Ave María.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Memoriza o Nosopai e o Avemaría.
2. Amosa interese por coñecer mais sobre a mensaxe de Xesús.

UNIDADE 8. GÚSTANME OS TEUS GASALLOS.

Obxectivos:

1. Recoñecer a os regalos da natureza como a auga, a luz o sal.
2. Descubrir o relato bíblico :As vodas de Caná.

Contidos:

1. A auga o aceite o sal a luz son regalos da natureza.
2. A Biblia descóbrenos a Xesús como o mellor amigo.

Competencias:

- Competencia cultural e artística
- Competencia comunicación lingüística
- Competencia social e cívica
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Coñece os regalos da natureza.
2. Recoñece a Biblia como libro que nos fala de Xesús.

UNIDADE 9. ENSÍNASME A PORTARME BEN

Obxectivos:

1. Descubrir que Xesús ensínanos a portarnos ben cos demais.
2. escoitar o relato bíblico. Xesús e Zaqueo.
3. Aprender a pedir perdón.

Contidos:

1. Relato bíblico “Xesús e Zaqueo”.
2. Xestos de amor , o perdón.

Competencias:

- Competencia cultural e artística.
- Competencia comunicación lingüística.
- Competencia social e cívica.
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal.

Criterios de avaliación:

1. Pedir perdón cando me porto mal.
2. Compartir con outros nenos.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios na educación infantil pretenden ser para o profesor de relixión algúns indicadores na avaliación continua e observación dos nenos para poder reconducir a súa propia aprendizaxe. Coñecer o neno e axudalo no seu crecemento é o criterio esencial.

Calquera avaliación que se pretenda nesta etapa deberá realizarse globalmente coas mutuas observacións e informacións dos restantes ámbitos de experiencia.

1. Saber observar os referentes relixiosos do seu medio.
2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.
3. Respetar os signos e símbolos relixiosos do seu medio.
4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.
5. Adquirir o gusto polo bo obrar.
6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.

8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Valoración dos traballos que se propoñan ao longo de cada trimestre.

Actitud y participacion en las actividades de aula.

9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

A situación provocada pola pandemia da COVID-19 obríganos a tomar medidas de carácter organizativo e metodolóxico, polo que se atenderá ás puntualizacións redactadas nos apartados do Plan de Adaptación á situación Covid no curso 2020-2021 nos que se especifican os usos das diferentes espazos e emprego de materiais.

Para alcanzar os obxectivos e a aprendizaxe do programa de contidos nesta área, é necesario optar por unha metodoloxía que sirva de camiño para alcanzar tales metas.

Esta metodoloxía inclúe principios didácticos, actividades e recursos de ensinanza-aprendizaxe, e, para o seu deseño, baseámonos nas orientacións didácticas do currículo de Relixión para a Educación Primaria e nas achegas específicas da pedagogía e a didáctica relixiosas.

Os principios metodolóxicos na área de Relixión Católica para a Educación Infantil son os seguintes:

- Unha ensinanza-aprendizaxe da relixión baseada no proceso psico-evolutivo do alumnado.
- Unha construción do coñecemento baseada en aprendizaxes significativas e no desenvolvemento das competencias básicas. É dicir, unha ensinanza da Relixión dende e para a vida persoal, cultural, cidadá, social, moral e relixiosa.
- Unha metodoloxía e unhas actividades orientadas dende os centros de interese do alumnado.
- Enfocar a ensinanza da relixión dende as narracións bíblicas, e establecer paralelismos con situacións da vida diaria e da literatura infantil e xuvenil.
- Propoñer unha metodoloxía e unhas actividades que promovan a interdisciplinabilidade con outras áreas.
- Establecer unha ensinanza da relixión que capacite ao alumno e a alumna para o diálogo da fe cristiá coa cultura actual.
- Deseñar unha metodoloxía que fomente nos alumnos a súa capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio.
- Deseñar unha metodoloxía que preste especial atención á diversidade do alumnado.

10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

- Fichas e material fotocopiado
- CD-ROM de Recursos Didácticos.
- Relatos do Antigo e Novo Testamento.

- CD audio de cancións e melodías.
- Cuaderno do alumno/a..

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

Cando se detectan dificultades de aprendizaxe nalgún alumno/a pónense en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis axeitadas para o caso en particular e que poderán ser tanto organizativas como curriculares: rematar a tarefa na casa, crear grupos de axuda, retomar a tarefa noutro momento, uso de materiais de apoio, cambiar a tarefa por outra de menor dificultade...

O apoio que se lle da a un neno/a pode ser dentro do grupo ordinario, de maneira ocasional, para unha actividade en concreto, fóra do grupo ordinario, con agrupamentos flexibles e adaptacións do currículo, se fora preciso.

Programaranse actividades de reforzo e de ampliación para os distintos alumnos e alumnas que poidan necesitar estas tarefas nun determinado momento.

Programa de recuperación:

- Fichas de reforzo para cada unidade, de medidas de atención á diversidade.
- Ficha de ampliación para cada unidade.
- Materiais de Internet como recursos para o tratamento da diversidade.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC E AO PLAN DE CONVIVENCIA:

a. Lector. Tempo mínimo diario para a lectura

Cada ciclo fará as actividades propostas no proxecto PLAMBE ademais de traballar os obxectivos e actividades que propón o ciclo no Plan Anual de lectura recollido na PXA (Dito plan é a concreción dos obxectivos do proxecto lector para este curso).

b. Plan das tecnoloxías da información e da comunicación para o ciclo(TIC)

Remitímonos ao Plan TICS que está na PXA referido ao ciclo.
Mencionar que non hai un horario establecido para usar a aula de Informática, ademais de non poder usar a pizarra dixital co grupo do alumnado de 4º de ED. Infantil

c. Plan de convivencia

Seguiranse as directrices establecidas no Plan aprobado o 22 de Maio de 2012 e actualizado no Curso 2015/16.

d. Proxecto Lingüístico

Remitímonos ao Proxecto Lingüístico establecido para o curso 2016-2017

13. EDUCACIÓN EN VALORES.

Facer comprender aos alumnos a sorte que temos de poder disfrutar dun mundo increíble, cheo de posibilidades e sorpresas. Esta percepción favorece actitudes de agradecemento ante a vida e de corresponsabilidade co mundo. Este mesmo valor favorece a apertura agradecida á transcendencia.

O coidado e a protección son dous valores importantes. Introducir aos nenos e nenas nunha relación de respecto cara o entorno desde a infancia dános a posibilidade de incorporar naturalmente o valor da ecoloxía e, por tanto, da sostibilidade do planeta.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Todas as actividades estarán encamiñadas a acadar os obxectivos propostos en cada un dos temas.

- Fotocopias do libro de recursos do profesor.
- Materiais para facer manualidades: lapis, gomas de borrar, ceras, papel continuo, tesoiras, plastilina, etc.
- CD-ROM de recursos didácticos. Audios
- Relatos animados do Antigo e Novo Testamento.
- Cuaderno do alumno/a

15. .PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

PROCEDEMENTOS	SI	NON
Aplica criterios de avaliación de acordo co establecido no Proxecto curricular, considerando a diversidade de alumnos e o equilibrio entre contidos.		
Emprega a avaliación dentro do proceso de ensino-aprendizaxe co fin de reconducir o mesmo.		
Adecúa o proceso de ensino-aprendizaxe aos alumnos/as.		
Traballa con obxectivos adecuados á idade do alumnado ao que vai dirixida		
A secuencia de contidos está encamiñada á consecución das Competencias Básicas		
Posúe criterios de cualificación		
Inclúe o uso das TIC		
Incorpora os diferentes plans e proxectos		
Posúe contextualización		